

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: dous meses desde o día de apertura de ofertas económicas.

e) Admisión de variantes: non.

9. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Vigo. b) Enderezo: praza do Rei nº 2. c) Localidade: Vigo, 36202. d) Data: segundo o disposto na cláusula 6.2 do prego de cláusulas administrativas particulares. e) Hora: 11.30 horas.

10. Outras informacións.

11. Gastos de anuncios: pagaraos o adxudicatario.

12. Páxina web para a obtención de información: [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

Vigo, 17 de marzo de 2009.

Raquel Díaz Vázquez  
Concelleira delegada de Contratación

### e) OUTROS ANUNCIOS

#### **AUTORIDADE PORTUARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA**

*Resolución do 16 de marzo de 2009 pola que se procede a realizar convocatoria pública para cubrir prazas de persoal laboral do cadro de persoal desta autoridade portuaria.*

Prazas: unha (1) administrativo xeral.

Tipo de contrato: temporal de revezamento.

Proceso selectivo: oposición libre.

As bases desta convocatoria estarán á disposición dos interesados na Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, Peirao de Pasaxeiros, 1 de Vilagarcía de Arousa, e tamén dispoñible na páxina web [www.portovilagarcia.es](http://www.portovilagarcia.es)

Quen desexe tomar parte nas probas selectivas desta convocatoria cursarán a súa solicitude utilizando o modelo que figura como anexo II destas bases.

As solicitudes deberán presentarse no prazo de 20 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, por calquera dos medios contemplados no punto 3 das bases.

Todas as notificacións que a partir deste momento se orixinen como consecuencia deste proceso selectivo faranse públicas polos seguintes medios:

-Taboleiro de anuncios da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa.

-Páxina web: [www.portovilagarcia.es](http://www.portovilagarcia.es)

Vilagarcía de Arousa, 16 de marzo de 2009.

Joaquín Javier Gago López  
Presidente da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa

#### *Anuncio.*

Corrección de erros.-Resolución do 3 de marzo de 2009 pola que se publica a convocatoria para cubrir dúas prazas de policía portuarios.

Advertido erro na indicada resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 52, do 16 de marzo de 2009, onde di: «Prazas: policía portuarios (grupo III, banda II, nivel 3)», debe dicir: «Prazas: policía portuarios (grupo III, banda II, nivel 7)».

Esta corrección non altera o prazo de presentación de solicitudes.

Vilagarcía de Arousa, 17 de marzo de 2009.

Joaquín Javier Gago López  
Presidente da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa

#### **CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE LUGO**

*Anuncio do Programa de adaptación da empresa á economía dixital.*

A Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Lugo informa da exposición pública na súa páxina [www.camaralugo.com](http://www.camaralugo.com)/tablón de anuncios da convocatoria pública de axudas 2009 para a realización dun diagnóstico tecnolóxico e a incorporación na súa empresa dunha ferramenta de xestión avanzada no marco do Programa de adaptación da empresa á economía dixital, financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) da Unión Europea e polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio (nº referencia TSI-030100-2008-533).

Na páxina web [www.camaralugo.com](http://www.camaralugo.com) está dispoñible o modelo de solicitude de participación e convenio de participación para asinar entre a cámara e a empresa participante.

Lugo, 12 de marzo de 2009.

Alberto Fernández Piñeiro  
Director xerente da Cámara Oficial de Comercio,  
Industria e Navegación de Lugo